

**XORNADA CULTURAL
EOI CARBALLO
24 DE MARZO DE 2023**

OBRADOIRO DE COCIÑA

- ✘ 11:00-12:30 FRANCÉS e ALEMÁN AULA 1
- ✘ Si, si, en francés e en alemán. Serás capaz de seguir as instrucións de Raquel e de Lucía, as chefs da nosa escola? Trae un coitelo, un garfo, unha culler para sopa e outra para café, unha táboa para cortar e un mandil. E non olvides traer dúas pequenas friameiras e un pequeno tarro con tapa para levar a comida para a casa! Prazas limitadas. Reserva a túa praza co teu profesor. Obradoiro patrocinado por **GADIS**.
- ✘ Dirixen: Raquel Cotelo e Lucía Viña

DERRUBANDO MUROS CON PINTURA

- ✘ 12:30-14:00 INGLÉS Cafetería
- ✘ VISITA GUIADA a varios dos murais urbanos de Carballo na que podes practicar o idioma e, ao mesmo tempo, apreciar estilos, técnicas, materiais, mensaxe..., en definitiva, arte.
- ✘ Dirixe o roteiro: Carlos Aradas



CAFÉ LITTÉRAIRE

- ✘ 16:00-17:00 FRANCÉS AULA 3
- ✘ Nada como compartir retazos de literatura e experiencias ao redor dun bo café. Acompáñanos para descubrir autores francófonos de distintas épocas que non te deixarán indiferente.
- ✘ Dirixen: Isa Rama e Moisés de la Torre

QUESTIONS POUR UN CHAMPION

- ✘ 17:00-18:00 FRANCÉS AULA 3
- ✘ Sodes de desafíos? Pois formade un equipo e vide poñer a proba os vosos coñecementos sobre cultura francófona na nosa edición especial do concurso *Questions pour un champion*. Imprescindible anotarse: falade co voso profesor.
- ✘ Dirixen: Isa Rama, Anabel Sanmartín, Moisés de la Torre e Raquel Cotelo.

IOGA

- ✘ 17:00-18:00 INGLÉS AULA DE IOGA
- ✘ Vai ao segundo andar do Pazo da Cultura e busca a aula de ioga, onde poderás facer exercicio, estirar o corpo e relaxarte seguindo as instrucións da profesora Xiao Hong.





MERENDA INTERNACIONAL

× 18:00-19:00

AULA 1

Belegte Brötchen



Lemon Drizzle Cake



Far Breton



Shortbread



Cookies



Pain Cramique



Apple Pie



Quiche



Yankee Sandwiches



Scones



Fromages Suisses



Tamén haberá café, té e refrescos cos que acompañar os doces e os pratos salgados.

TITANIC ESCAPE ROOM

- ✘ INGLÉS 19:00-20:00 AULA 3
- ✘ Sodes uns heroes! Contra todo prognóstico, o barco que non podía afundir pronto estará no fondo do Atlántico. Estadés na sala 5, a única sala de máquinas que aínda non se inundou. Cómpre manter as luces acesas, e iso significa seguir queimando carbón e manter a calma. Tendes 10 minutos. Poderedes saír a tempo?
- ✘ Dirixen Uxía Martínez e Óscar Varela



PRIMEIROS AUXILIOS





- ✘ 19:00-21:00 FRANCÉS AULA DE IOGA
- ✘ Actividade impartida pola profesora **Helena Varela Castro**, experta en formación sobre primeiros auxilios, na que recibirás información para logo experimentar e poñela en práctica durante a sesión.



PALM READING

- ✘ 19:30-20:30 INGLÉS AULA 2
- ✘ Se queres saber sobre o teu futuro, acode a esta sesión de *palm reading*, na que che lerán a man e saberás algo máis sobre o traballo, o amor...
- ✘ Dirixe Madame Tombo



PROFESORADO DA EOI CARBALLO

